



**Sole Rei.** Nacín un 29 de agosto, rondando a festa da Lanzada, hai case 28 anos, que son 10.220 días a deambular entre O Grobe e Compostela, basicamente. No medio houbo viaxes, anécdotas, curiosidades e persoas, e tiveron tempo de licenciarme en xornalismo na USC e de estudar ilustración na Escola de Arte Superior e Deseño Pablo Picasso, na Coruña. Actualmente saco tempo como podo do traballo de xornalista en Vilagarcía de Arousa para coordinar a sección de fotografía do *Novas da Galiza* e, tamén, para facer algún traballo para ela de vez en cando; fotográfico e de ilustración. Tamén para debuxar para *ProTexta*, suplemento de literatura da revista *Tempos Novos*, e para participar nalgunha exposición, coma "Anatomía do desconcerto" ou "Destapando bañeras". Para teatro, fixen a cartelaría e as ilustracións para a montaxe *Matilde*, de Bicodobrelo. E Xiana Arias, Iván Cuevas, Patricia A. Janeiro e David Pobra confiaron no meu obxectivo para deixarse retratar. Ademais axudo a dirixir *Ardentía*, a revista da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, que leva unha boa cantidade de fotos miñas, e algún texto, que maqueto. Confío na tecnoloxía para chegar dende o meu recunchiño das Rías Baixas ao mundo, e en <[www.galaxiacenoura.blogspot.com](http://www.galaxiacenoura.blogspot.com)> poden verse algúns debuxos meus.